

ACTA Nº 14/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE ABRIL DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.

Escusa a súa inasistencia D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario accidental: José Rodríguez Veloso

Na casa do Concello de Moaña, o 4 de abril de 2011, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 12/11, correspondente á sesión do 21 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta das resolucións 173/11 e 179/11, do 31 de marzo e 1 de abril respectivamente, nas que o alcalde avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno Local para o transferirlle cartos ao Padroado Beiramar.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de

Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as seguintes licenzas de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 26/11 – D. EDUARDO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ presenta proxecto de acondicionamento de fachadas de vivenda unifamiliar existente no barrio de Vilela, nº 12, lindante coa PO-551.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA REVESTIMENTO DE FACHADAS (OBRA MAIOR)
INFORME: **Procede licenza das obras de conservación e ornato** definidas na documentación técnica presentada.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación afectada por un sistema viario.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación e ornato da edificación con chapeado de pedra nas fachadas con demolición do alicatado existente, colocación de chapeado de granito que substitúe ao azulexo, e limpeza, revestimento e pintado do resto; coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	292,32 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.B) EXPTE. 32/11 – D^a ELENA VÁZQUEZ MARTÍNEZ presenta estudo técnico para cambio de tella en vivenda unifamiliar existente na Avda. de Cangas nº 6 do barrio do Con, redactado polo arquitecto D. Juan Fernández Rivas, visado o 26 de xullo de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación** definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo ás definicións do Capítulo IV relativas ás normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto colocarse panel tipo sandwich e illamento de poliuretano e tella. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	140,98 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.C) EXPTE. 199/10 – D. JOSÉ RAMÓN TERZADO ESPÍÑO e D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ IGLESIAS presenta proxecto de obras de arranxo en cuberta de vivenda unifamiliar existente no barrio de Verdeal-Domaio, redactado polo arquitecto D. Santiago Iglesias Fernández, visado o 22.11.10. Requiridos para que emendasen a documentación, presentan memoria redactada polo mesmo arquitecto, -visada o 12.01.11- e estudo básico de seguridade e saúde –visado o 18.03.11-.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación** definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo ás definicións do Capítulo IV relativas ás normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural das mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto colocanse canalóns e baixantes. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	89,16 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.D) EXPTE. 08/08 – D^a MARÍA DEL CARMEN COUCE RIVAS E D. JOSÉ LUIS CORDEIRO SANTOS presentan reformado de proxecto básico e de execución de vivenda familiar illada, en Cruceiro-San Martiño, redactado polo arquitecto D. José Luis Domínguez González, visado o 08.03.11

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: REFORMADO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN
INFORME: **Procede licenza o presente reformado.**

Inicial solicitude de licenza fíxose con data 9/01/32008 antes da entrada en vigor das Normas do Hábitat.

Resolución inicial de licenza fíxose en Xunta de Goberno Local de 31 de marzo de 2008.

Ao considerarse como obras non susceptibles de calificarse de nova planta, artigo 7 das vixentes normas do hábitat, está exenta do rocho.

Por definición, a vivenda resulta un elemento funcionalmente pechado, o lavadoiro-tendal debe estar integrado na vivenda mediante espazo de comunicación, nembargantes por resolución das novas normas do hábitat, decreto 29/2010, de 24 de marzo, nas obras de remodelación de vivenda non será preciso a reserva de espazo para lavadoiro e tendal.

Liquidación provisoria de tributos (diferencia reformado)

Imposto s/construción.....	275,13 €
Taxas licenza urbanística.....	33,97 €

4.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

- **EXPTE. 44/11 – D. CAMILO VILLAR FREITAS** presenta proxecto básico e execución de acondicionamento de local comercial e memoria de actividade para Floristería, na rúa Ramón Cabanillas, 77 – baixo, do barrio da Seara, redactado polo arquitecto D. Modesto Figueiredo Paz, visado na data 25.02.2011.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADO A UNHA LICENZA DE APERTURA PARA UNHA ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A FLORISTERÍA.

INFORME: **Procede licenza de obra e actividade.**

Acondicionamento de local para **uso comercial** destinado a **floristería** compatible coa ordenación de usos do Documento de Revisión e Adaptación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal actualmente vixentes.

A licenza urbanística de uso outorgarase definitivamente mediante unha única resolución coa licenza de apertura (artigo 196.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004, de 29 decembro), unha vez incorporados ao expediente de apertura con tramitación e peza separada para esta actividade non

clasificada, certificado final de obras do facultativo director das mesmas e a acta de comprobación expedida polo arquitecto técnico municipal conforme a instalación cumpre co proxectado.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	283,42 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D. CAMILO VILLAR FREITAS para a actividade de FLORISTERÍA.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA USO COMERCIAL DESTINADO A FLORISTERÍA. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

5.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. EUGENIO GAYO CARBALLO no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no barrio do Piñeiro s/n, pertencente á licenza de obra Expte. nº 236/2009, concedida pola XGL en sesión de data 01.03.2010.

Visto que achega a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 1 de abril de 2011 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, e conexión a sumidoiros.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, o día 23 de febreiro de 2011, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 08 de marzo de 2011; asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez o día 23 de febreiro de 2011, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 14 de marzo de 2011.
- Estado final da obra asinado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 24 de febreiro de 2011.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

INFORME: Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, que as obras de urbanización da cesión se atopan totalmente rematadas e que posúe toda a documentación esixida, **informo favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 236/2009, ao seu promotor D. EUGENIO GAYO CARBALLO, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

5.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado polo representante de PROMOCIONES COYRA VIGO, S.L. no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para 4 vivendas unifamiliares situadas en Quintela, s/n, pertencentes á licenza de obra Expte. nº 112/2006, concedida pola XGL en sesión de data 11.09.2006. Tamén solicita a devolución da fianza de urbanización depositada para o mesmo expediente.

Visto que achega a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 1 de abril de 2011 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, e conexión a sumidoiros.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Raúl Rey Fandiño, o día 02 de

marzo de 2011, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 02 de marzo de 2011; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 2 de marzo de 2011.

- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

INFORME: Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, que as obras de urbanización da cesión se atopan totalmente rematadas e que posúe toda a documentación esixida, **informo favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 4 vivendas..... 520,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda: conceder a licenza de primeira ocupación para as catro vivendas unifamiliares en fileira dimanantes da licenza en Expte. nº 112/2006, á súa promotora PROMOCIONES COYRA VIGO, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.- PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D^a SOFIA PORTELA GONZÁLEZ

Vista a solicitude de D^a SOFIA PORTELA GONZÁLEZ na que presenta proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado no 26 de xaneiro de 2011, correspondente ao expediente nº 207/2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 29 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 207/10 ordenándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle outorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 207/2010.

7.- LICENZAS DE APERTURA: CAMBIOS DE TITULARIDADE

7.A) EXPEDIENTE 14/11 – D. EUGENIO GUTIÉRREZ CARRACELAS

Vista a instancia presentada o día 1 de marzo de 2011 por Don EUGENIO GUTIÉRREZ CARRACELAS, na que expón que a partir do mes de marzo explota o negocio dedicado cafe-bar, situado na rúa Alcalde Fandiño, 14 –actualmente nº 5-, cuxa

licenza está a nome de Nuria & Nani, concedida en Xunta de Goberno de 02.06.08. Solicita que se proceda ao cambio de titularidade.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 31 de marzo de 2011, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 31.03.11, en relación coa solicitude presentada por D. EUGENIO GUTIÉRREZ CARRACELAS, na data do 01.03.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ao seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Alcalde Fandiño, nº 5 baixo, pertencente a NURIA & NANI, S.L. teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Alcalde Fandiño nº 5, baixo, pertencente a NURIA & NANI, S.L. aprobada, pola **Xunta de Goberno Local de data do 02 de xuño de 2008**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Alcalde Fandiño, nº 5, baixo, pertencente a NURIA & NANI, S.L., aprobada pola **Xunta de Goberno de data 02.08.2008**, a favor de **D. EUGENIO GUTIÉRREZ CARRACELAS**.

7.B) EXPEDIENTE 13/11 – D^a MARÍA DEL CARMEN BARRES LÓPEZ

Vista a instancia presentada o día 24 de marzo de 2011 por Dona MARÍA DEL CARMEN BARRES LÓPEZ, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de RESTAURANTE do local situado na Xunqueira, nº 4, que está concedida a Blanca Nury Bevegñi León,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 31 de marzo de 2011, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 31.03.11, en relación coa solicitude presentada por D^a MARÍA DEL CARMEN BARRES LÓPEZ, na data do 24.03.2011, pola que solicita o cambio de titularidade ao seu nome, dunha Licenza de Apertura de RESTAURANTE, sito na rúa Xunqueira nº 4, pertencente a BLANCA NURY BEVEGNI LEÓN, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de apertura de RESTAURANTE, sito na rúa Xunqueira nº 4, pertencente a BLANCA NURY BEVEGNI LEON. aprobada, pola **Xunta de Goberno Local de data do 23 de novembro de 1993**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de RESTAURANTE, sito na Xunqueira, 4, pertencente a BLANCA NURY BEVEGNI LEON, aprobada pola **Xunta de Goberno de data 23.11.1993**, a favor de **D^a MARÍA DEL CAMEN BARRES LÓPEZ**.

8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE	Recollida e transporte de residuos de obra	GESIGLES, TRANSPORTES Y SERVICIOS, S.L.	1620 22700 RC 445	165,15 €
ALCALDÍA	Vestuario para persoal municipal de servizos	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	1550 22104 RC 439	800,89 €
SERVIZOS	Reposición con soleira de formigón nas inmediacións do paseo marítimo	PAVIMENTOS INDUSTRIAIS FONTECA, S.L.U.	1550-21000 RC 444	6.195,00 €
ALCALDÍA	Publicidade ARTE MOAÑA 2011	IRISAR DISEÑO E IMPRESIÓN, S.L.	Vinculación xurídica 33-22, 3340 22602 RC 427	2.475,64 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

9- APROBACIÓN DE CONTAS XUSTIFICATIVAS

9.A) Vista a resolución de Alcaldía do día 8 de febreiro de 2011 na que se dispoñía, entre outros aspectos:

Aprobar o pago a xustificar a VICTOR PASTORIZA LINO por importe total de 94,40 euros, en concepto de repostos para o arranxo de vehículos de servizos, con cargo á partida 1550 21400,

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 23 de marzo de 2011,

Visto o informe favorable da interventora de data 26 de marzo de 2011,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. Víctor Pastoriza Lino por importe de 94,40 euros, en concepto de repostos para o arranxo de vehículos de servizos, con cargo á partida 1550 21400.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

9.B) Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do día 14 de marzo de 2011 na que se dispoñía, entre outros aspectos:

Aprobar o pago a xustificar a JESÚS RODRÍGUEZ PARADA por importe total de 187,62 euros, en concepto de pago a xustificar pola cota anual 2011 do dominio “bibliomoana.net”,

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 25 de marzo de 2011,

Visto o informe favorable da interventora de data 29 de marzo de 2011, no que indica que a factura debe contar co “conforme” do concelleiro-delegado antes da aprobación da liquidación,

Visto que a factura está conformada,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. Jesús Rodríguez Parada por importe de 187,62 euros, en concepto de pagamento da conta anual 2011 do dominio “bibliomoana.net”, con cargo á partida 3320 22699..

Segundo.- Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

10.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXA

O día 28 de marzo, D. Luciano Martínez Lorenzo solicitou informe da Policía local do día 26.03.11 para o que pagou 7 euros. Dous días despois solicita a devolución do ingresado porque non hai tal informe.

O inspector xefe da Policía local informa o día 31.03.11 que non se lle emitiu o informe solicitado por tratarse de identificación de persoas e ir en contra da protección de datos persoais,

Visto o informe da tesoureira municipal do 4 de abril de 2011, que logo de referir a lexislación aplicada e os antecedentes indica que

De acordo co disposto no artigo 2.1 da Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, aprobada polo Pleno da Corporación o 22 decembro de 2004, "Constitúe o feito impoñíbel desta taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que se expidan e dos dependentes que entendan os órganos de goberno deste Concello (art. 20. 4 a) do TRLFL."

Dado que, tal e como se indica no informe policial, a actividade administrativa de elaboración do informe non se levou a cabo, resulta claro que non se ten producido no suposto que nos ocupa o feito impoñible nos termos expostos, polo que **procede a devolución do ingreso indebido** por importe de 7 euros a favor de Luciano Martínez Lorenzo, NIF 35304647S. A tal efecto, será preciso que o interesado presente no Rexistro do Concello de Moaña dirixido á Tesourería o certificado de titularidade da conta bancaria na que se deba facer efectiva a devolución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución do ingreso indebido a D. Luciano Martínez Lorenzo, nos termos recollidos no informe da tesoureira municipal.

11.- AXUDAS ECONÓMICAS AOS CONCELLOS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL.

A Orde de 15 de marzo de 2011 da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do día 16 dese mes e ano, regula a concesión de axudas económicas, en concorrencia competitiva, aos concellos de Galicia que incrementen considerablemente a súa poboación na tempada de verán para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante esta tempada (xuño, xullo, agosto e setembro) para o ano 2011 e abre o prazo dun mes para solicitalas.

O inspector-xefe da Policía local, no seu informe do 16 de marzo, recolle a necesidade de contratar auxiliares desde o 15 de maio ata finais de ano, xa que ademais da tempada de verán na que aumenta a poboación, a afluencia de visitantes é tamén grande durante os últimos meses do ano pola celebración das festas patronais e de varios eventos deportivos,

Vista que a previsión do custe pola contratación de seis auxiliares de policía (dous por 6 meses e catro por 4 meses) é de 46.458,16 euros.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acollerse a esta Orde do 15 de marzo de 2011 e solicitar unha axuda de 34.843,62 euros á Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, contía que representa o 75% do custe destas contratacións, así como aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesa Orde.

12.- MODIFICACIÓN NO SAF

Visto o informe da traballadora social do Concello de data 30 de marzo de 2011 sobre modificación no servizo de axuda no fogar, que di:

...

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as modificacións no SAF nos termos sinalados no informe da traballadora social.

13.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do primeiro de abril de 2011 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que relaciona: a) 8 persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal, b) unha que non cumpre por superar ingresos, e c) dúas persoas ás que non pode valorar por falta de documentación: Otilia Figueiras Blanco e Francisco Martinez Blanco.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- ...

Segundo: Desestimar a seguinte solicitude por superar ingresos

...

Terceiro: Desestimar as seguintes solicitudes por falta de documentación (solicitada previamente):

...

Cuarto: Notificarlle o acordo a Aqualia.

14.- SOLICITUDES POSTOS VENDA AMBULANTE

Vistas as dúas solicitudes para ocupar postos no mercadiño dos sábados feitas respectivamente por D. Mamadou Ndoye para posto de 5 m2 e por D. Manuel García Maneiro para posto de 10 m2,

Vistos os informes do 4 de abril de 2011 do encargado do mercadiño que recolle que todas as solicitudes presentan a documentación necesaria para exercer a actividade, e que non hai problema en concederlles un posto xa que de momento hai sitios vacantes,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes solicitudes para venda no mercadiño municipal:

Nome e Apelidos	DNI - NIE
MAMADOU NDOYE	X2474374B
MANUEL GARCÍA MANEIRO	35.441.007 P

15.- APROBACIÓN EXPEDIENTE 2ª MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRA REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL”

En data de 24 de novembro de 2008, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “Rehabilitación da Casa Pazó para gardería infantil” á empresa CONSTRUCCIONES VARELA VILLAMOR S.L., polo prezo de CINCOCENTOS SETENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCOENTA E SETE EUROS E SEIS CÉNTIMOS (572.257,06 €), IVE incluído, un prazo de execución de 10 meses, as melloras recollidas na oferta e un prazo de garantía de 24 meses.

En data de 30 de novembro de 2009 a Xunta de Goberno acordou aprobar o Proxecto reformado do básico e de execución de obra “REHABILITACIÓN DA CASA PAZÓ PARA GARDERÍA INFANTIL” e o expediente de modificación nº 1 do contrato da citada obra, en base ás circunstancias sinaladas nos informes obrantes no expediente e conceder unha prórroga na execución do contrato de cinco meses e medio respecto do previsto inicialmente, conforme ao sinalado no informe do Director de Obras.

Figura no expediente Proxecto do II modificado redactado polo Redactor do proxecto e solicitude de ampliación de prazo por parte da adxudicataria, de tres meses e medio. No expediente se inclúe conformidade do contratista ca modificación proposta e cadro de prezos contradictorio.

En Xunta de Goberno de data 14 de marzo de 2011, se acorda iniciar expediente de 2ª modificación da obra “Rehabilitación da Casa Pazó para gardería infantil” e conceder un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista respecto da proposta de modificado da obra.

En data 21 de marzo de 2011, o contratista recibe notificación do Concello de inicio de expediente de modificación nº 2 do contrato da citada obra, concedendoselle un prazo de tres días hábiles de audiencia respecto da proposta de modificación da obra e sobre os prezos recollidos na mesma, ratificando, no seu caso, a conformidade do contratista ca modificación proposta e cadro de prezos contradictorio.

En data 24 de marzo de 2011, o contratista remite vía Subdelegación do Goberno de Pontevedra, escrito de conformidade ca modificación técnica do Proxecto da obra “Rehabilitación da Casa Pazó para gardería infantil”.

Vistos o informe da Secretaría de data 11 de marzo de 2011 respecto da proposta de modificación e informe da Intervención Municipal de data 4 de abril de 2011 .

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación do contrato de obra “Rehabilitación da Casa Pazó para gardería infantil”, en base ás circunstancias sinaladas na memoria do modificado do proxecto presentado, necesidade de realizar diversas actuacións: acometidas á rede de saneamento por descubrimento de materiais en mal estado, comprobación de necesidade de drenaxe de elementos do terreo, restauración de dinteis rotos...

SEGUNDO.- Aprobar un gasto complementario por importe de 70.807,34 euros, autorizando e comprometendo gasto con cargo á partida 3210.62200 do orzamento para o 2011.

TERCEIRO.- Aprobar unha prórroga na execución do contrato de tres meses e medio respecto do previsto anteriormente.

CUARTO.- Que se notifique ao contratista para que concorra á formalización da modificación do contrato e se lle requira para que presente, no prazo de 15 días, o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva reaxustada á modificación, sumando un importe total a garantía, ca modificación incluída, de 32.476,48 euros.

16.- VADOS

D. Manuel Portela García, por escrito do 25 de marzo de 2011, comunica que deixa a placa con nº 216 na Recadación porque fixeron unha beirarrúa e non se pode aparcar. Acompaña fotocopia de documento selado pola Recadación no que consta a entrega da placa de vado nº 216 para a entrada de Tirán – Fuxón, 55.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa o vado de D. Manuel Portela García, NIF 35911639 Z, en Foxón, 55 – Tirán, cuxo nº de placa é a 216, e trasladarlle o acordo ao ORAL.

17.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL

Susana Boquete Rodríguez, procuradora, en representación de Eugenio Bermúdez e Hijos, S.L., por escrito do 7 de xaneiro de 2010 interpón reclamación polos danos e prexuízos causados no vehículo matrícula 6586 FJH ao pasar por un paso elevado de peóns, sito no cruce da rúa Rosalía de Castro coa estrada PO-551, ao ñañaren os baixos

do autocar contra o paso. Indica que este está excesivamente elevado, sen que a causa do sinistro sexa a do exceso de velocidade. Solicita unha indemnización de 3.960,32 euros, polo importe da reparación e a paralización de catro días do vehículo. Achega, entre outra documentación, informe do inspector da Policía local do 16.10.09 sobre o accidente, factura da reparación e informe pericial.

Visto o informe do 26.01.10 do inspector-xefe da Policía local, que di:

Que en relación coa instancia presentada por Susana Boquete Rodriguez en representación de Eugenio Bermúdez e Hijos, S.L., se lle remite informe con fotografías, elaborado por esta policía local con nº 2009/1572-I por mor dos danos sufridos polo vehículo da dita empresa na mañá do día 24/09/2009.

Asemade, remíteselle fotografía na que se pode comprobar a sinalización existente na intersección da rúa Rosalía de Castro coa PO-551, e que consiste en: un sinal vertical informativo de paso de peóns (S-13), un sinal vertical de perigo por resalto (P-15a), e un sinal de STOP (R-2).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación efectuada porque non se acredita que os danos se deban á altura do paso, e porque como reflicten as fotografías do informe do inspector-xefe, dito paso elevado está suficientemente indicado cun sinal P-15 *-perigo pola proximidade dun resalto na vía-*; de feito, non hai máis reclamacións neste sentido nos tres anos que leva ese paso instalado, do que se desprende que os danos obedecen a unha condución temeraria.

18.- SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

A ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE MOAÑA solicita a súa inscrición desta asociación no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Moaña, e dado que achega toda a documentación requirida no Regulamento veciñal de participación cidadá para a inscrición de asociacións,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda inscribir a ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE MOAÑA no Rexistro municipal de asociacións..

19.- CEMITERIOS

D. Andrés Nores Casqueiro, por escrito do 28 de marzo de 2011, expón que el e a súa cuñada son propietarios dun grupo de nichos (nº 42) do cemiterio municipal de Moaña, e ao haberen filtracións de auga de choiva, solicita autorización para reparar o tellado do citado grupo de nichos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a reparación do tellado solicitada baixo a dirección do enterrador.

20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
HEREDEROS DE JOSÉ COSTAS CASAS CB	Saneamento, uso comercial	Local Talleres González, A Xunqueira, 57 baixo	Taxas 180 €	Arquitecto técnico Aqualia
MARÍA INES JUNCAL CRUZ	Auga, uso doméstico	Camiño Senra, 28	Taxas 60 € Fainza 20 €	Arquitecto técnico Aqualia
MARÍA TERESA GUILLEN LARRAZ	Ausa, uso doméstico	Bernardino Graña, 5 – 4º A	Taxas 60 € Fainza 20 €	Arquitecto técnico Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.